

# Se nos meten na GUERRA

## Todos á FOLGA!

**Crear comités contra a guerra imperialista nos institutos e facultades!**

Hai apenas uns días o mundo enteiro conmociónábase pola matanza terrorista de París, con máis de 120 mortos e centos de feridos. Esta barbarie espantosa, reivindicada polo Estado Islámico (ISIS), foi respondida polos principais dirixentes de Occidente como Hollande, Cameron, Merkel e Obama, cunha dobre linguaxe: por unha banda falan de "democracia", "Estado de dereito", e "defensa da liberdade", pero na práctica están preparando unha nova guerra espantosa mentres recortan os dereitos democráticos de todos.

Nos últimos anos fomos testemuñas de como estes mesmos "demócratas" impulsaban intervencións imperialistas no Norte de África e Oriente Medio, para maior beneficio das multinacionais petrolíferas e as empresas de armamentos (que xa celebran a subida dun 10% das súas accións en bolsa tralos atentados de París). As grandes potencias occidentais, empezando por EEUU, Gran Bretaña e Francia, reduciron a escombros países enteiros como Afganistán, Iraq e Siria, e foron responsables de crear, financiar e armar a grupos terroristas completamente reaccionarios como o ISIS ou Al Qaeda.

**Os gobernos occidentais non defenden a democracia, defenden os intereses dos grandes poderes económicos**

Pero os dirixentes da Europa capitalista non teñen suficiente con isto. A brutal destrución que eles impulsaron, e cuxo saldo é a morte de centos de miles de persoas e que millóns teñan que abandonar os seus países converténdose en refuxiados, chega agora ás fronteiras europeas. Centos de miles de homes, mulleres e nenos coma nós, coma os nosos pais ou irmáns, chaman ás portas de Europa fuxindo da barbarie. Cal é a resposta dos "civilizados e democráticos"



gobernos europeos? A represión policial, os gases lacrimóxenos, os valos con coitelas, e os campos de internamento onde miles de refuxiados son apiñados en condicións inhumanas. A estes gobernos que alentan o racismo, a xenofobia, que recortan en educación e sanidade pública, que nos condenan ao desemprego, o único que lles importa é defender os intereses dos grandes poderes económicos, custe o que custe.

E esta é a razón pola que están tratando de utilizar o medo e o sufrimento que provocaron os atentados de París para xustificar un incremento da intervención imperialista que xa están desenvolvendo en Siria. Exactamente igual que se fixo tralos atentados do 11S en EEUU para xustificar as guerras en Iraq e Afganistán.



Igual que entón, a aplicación do Estado de Emerxencia en Francia, coa escusa de combater o terrorismo que eles mesmos alimentan coas súas aventuras imperialistas ou o seu financiamento directo, supón a restrición dos dereitos democráticos máis básicos: o goberno pode levar a cabo accións anteriormente prohibidas, como limitar o dereito a reunión, disolver asociacións e organizacións sen xustificación algunha, ou levar a cabo rexistros domiciliarios e detencións durante varios días sen orde xudicial. Estes grandes "defensores da liberdade" só defenden a súa propia. Sementan o medo para acabar cos dereitos democráticos máis elementais que tanto custou conquistar á mocidade e aos traballadores.

### Se nos meten na guerra, folga xeral!

A posición do goberno de Rajoy e de varios partidos da oposición resulta igualmente indignante. Xa tivemos que oír aos ministros do PP encomiando as medidas represivas do goberno francés e a dirixentes do PSOE e Cidadáns, como Pedro Sánchez e Albert Rivera, dando o seu visto bo ao envío de tropas e alentando discursos militaristas. Queren vendernos a vella idea de que estamos todos no mesmo barco e que hai que deixar de lado as diferenzas. Pero que hipocrisía máis grande! En primeiro lugar, non estamos todos no mesmo barco: están aqueles que provocan as guerras para espoliar os recursos destes países en beneficio das grandes multinacionais, e logo estamos a maioría que somos os que sufrimos as consecuencias. As bombas que se lanzan en Siria, estalan finalmente nas rúas de París. Como di a consigna: é a vosa guerra, son os nosos mortos.

Desde o Sindicato de Estudantes rexeitamos rotundamente calquera intervención imperialista e denunciámos a os que as promoven e potencian. Non nos enganan! Os mozos e mozas nunca tivemos nada que gañar nesas guerras de rapiña, de sangue por petróleo, que só provocan a morte e o horror. Agora, ao ver as dramáticas imaxes en París, resulta máis fácil poñerse na pel de millóns de persoas que sofren as consecuencias desas guerras as vinte e catro horas do día, os 365 días do ano. Dá igual a nosa cor de pel, nacionalidade ou relixión. Sempre somos os mesmos, mozos e traballadores inocentes, os que pagamos os pratos rotos das guerras imperialistas. Por iso damos un NON rotundo á guerra en Siria e Oriente Medio, e dicímoslle ao goberno do PP, e ao que salga das urnas o 20D, que se nos meten na guerra vanse a atopar coa oposición de millóns de mozos que volveremos a tomar as rúas. **Se nos meten na guerra, iremos á folga xeral!**

Desde o Sindicato de Estudantes chamamos á formación de Comités contra a Guerra en todos os institutos e universidades do Estado:



Propoñemos organizar asembleas xerais e reunións en todos os centros para explicar por que condenamos os atentados terroristas de París, e por que nos opoñemos tamén á intervención imperialista en Siria e Oriente Medio. Nelas hai que formar un Comité contra a Guerra, aberto a todos os estudantes que queiran participar e colaborar, para levar a cabo todo tipo de accións e iniciativas:

- Elaborar pancartas e carteis para pegar nos institutos e universidades, polos barrios, con diferentes lemas: As vosas guerras, os nosos mortos! Non ao terrorismo xihadista, non á guerra imperialista! Non máis sangue por petróleo! Dereitos democráticos SI, Represión NON! E outros moitos
- Organizar paros e concentracións para amosar a nosa repulsa á guerra
- Organizar charlas informativas e de apoio aos refuxiados que foxen do horror da guerra. Refugees Welcome!
- Contactar cos profesores, pais e asociacións de refuxiados, asociacións de veciños etc., para organizar accións de protesta conxuntamente.
- Preparar a folga xeral en Institutos e Universidades no momento en que o Parlamento aprobe secundar a intervención militar. Nin un soldado, nin unha bala, nin un euro, para a guerra imperialista!

**Contacta con nós para organizar o comité do teu centro de estudo**



# Non á guerra imperialista! Non no noso nome! Se nos meten na guerra, folga xeral!

galiza@sindicatodeestudiantes.net

Compostela: 981 563 100 (est 12867) / 622 481 994

Ferrol: 640 255 027 · Coruña: 639 577 912 · Vigo: 630 431 613